


Plan de Prioridades Sanitarias 2011-2014

VERSIÓN 1
14 de xuño de 2011



Calidade é só facer o correcto, correctamente
a tempo e a satisfacción do cidadán

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Sanidade
Dirección Xeral de Innovación
e Xestión da Saúde Pública

© da edición: Xunta de Galicia

D.L.: C 1421-2011

Índice

1. Presentación	[07]
2. Prólogo	[09]
3. O Plan de Prioridades como instrumento estratéxico	[10]
4. Metodoloxía	[12]
4.1. Identificación de posibles áreas de mellora	[12]
4.2. Priorización das áreas de mellora	[14]
4.3. Determinación de accións de mellora e indicadores	[15]
4.4. Seguimento e avaliación do plan	[16]
5. Prioridades sanitarias	[17]
6. Accións de mellora sobre as prioridades da área de saúde	[18]
6.1. Cardiopatía isquémica	[18]
6.2. Cancro de pulmón	[21]
6.3. Ictus/Enfermidade cerebrovascular	[24]
6.4. Diabete mellitus	[27]
6.5. Depresión/Trastornos afectivos	[30]
6.6. Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica	[32]
6.7. Cancro de colon	[35]
6.8. Cancro de mama feminino	[38]
7. Accións de mellora sobre os principais determinantes asociados ás enfermidades prioritarias	[41]
7.1. Tabaquismo	[41]
7.2. Nutrición	[44]
7.3. Actividade física	[46]
8. Accións de mellora sobre a área relacionada cos dereitos sanitarios dos usuarios e coa calidade de procesos asistenciais	[48]
8.1. Tempos de espera e taxas de cirurxía maior ambulatoria (CMA)	[48]
8.2. Estadía media	[55]
8.3. Taxa de cesáreas	[57]
8.4. Sistema de información de profesionais sanitarios	[60]
8.5. Extensión do aseguramento público a todos os residentes en Galicia	[61]
8.6. Información aos usuarios e poboación sobre dereitos e deberes sanitarios e sobre prestacións e servizos sanitarios	[62]



Pode navegar a través deste Plan premendo nos títulos, no índice e nas cabeceiras

1. Presentación

É para min un motivo de satisfacción presentar o primeiro Plan de Prioridades Sanitarias que se elabora no sistema sanitario público de Galicia. Este plan nace no contexto das metas de política sanitaria do Goberno galego: mellorar a saúde da poboación, prestar os servizos sanitarios que precisan as persoas, fomentar o exercicio dos dereitos recoñecidos na normativa e actuar de forma eficiente para asegurar a sustentabilidade do sistema sanitario e dos servizos públicos.

Con independencia do nivel no que desenvolvamos o noso traballo, asistencial, organizativo ou político, en numerosas ocasións enfrontamos decisións que, directa ou indirectamente, implican unha priorización entre o abano de opcións que temos para abordar un ou máis problemas sanitarios. Ás veces, as decisións son claras por explícitas, pero en moitas outras non o son, e nun contexto de recursos limitados dámoslles prioridade a unhas opcións fronte a outras. Nestas circunstancias, dispor das ferramentas que nos permitan orientar as nosas actuacións de forma eficaz e eficiente é unha necesidade e tamén un exercicio de ética sanitaria.

Para a elaboración deste plan, a estrutura sanitaria de Galicia traballou conxuntamente nun documento de planificación posible, que vai máis aló da concepción de cidadán-paciente para situarse na concepción de cidadán centro do sistema, contemplando tamén as súas expectativas respecto da atención que quere recibir.

O documento cuestiónase qué hai que facer, cómo hai que facelo e cómo hai que medir os resultados, nun contexto, como o actual, de irrenunciable necesidade de eficiencia para poder sacarlles o máximo rendemento aos recursos dispoñibles. É, pois, un documento de mellora que permite establecer abordaxes aos problemas sanitarios, identificados como prioritarios, con novas ferramentas, novas habilidades e diferente forma de utilizar os recursos.

O Plan de Prioridades xorde para identificar os problemas sanitarios máis relevantes, priorizalos conxugando a vulnerabilidade da súa abordaxe co impacto na saúde da poboación e determinar as accións de mellora que, de xeito máis atinado, poidan minorizalos no horizonte temporal da súa vixencia ata o ano 2014.

O plan non estaría completo sen a Estratexia SERGAS 2014, a Estratexia da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, configurando así o Plan de Saúde 2011-2014, desenvolvendo deste modo as previsións normativas ao respecto.

Finalmente desexo felicitar e recoñecer a inestimable contribución de todas e todos os profesionais que interviñeron neste documento, e solicitar e agradecer de antemán a colaboración aos que farán posible a realización das actividades deseñadas polos primeiros. Non en van, os recursos humanos son o principal activo do noso sistema sanitario.

Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

2. Prólogo

Como paso previo á elaboración do Plan de Prioridades Sanitarias, recompiláronse e analizáronse os principais indicadores que permitiron efectuar un diagnóstico da situación de saúde da nosa comunidade e detectar aquelas áreas ou problemas que poden obstaculizar a súa mellora. Resulta obvio que moitos indicadores evolucionaron positivamente nas últimas décadas: esperanza de vida, mortalidade infantil, cobertura de vacinacións... Pero un sistema sanitario moderno non pode deixar de ambicionar novas metas e enfrontar os novos riscos para a saúde, rematar coa persistencia dos vellos problemas ou acadar as melloras na calidade de vida que se nos demandan.

Enfrontar retos coma estes exige dun exercicio de previsión que só a planificación estratéxica nos permitirá culminar con éxito. Os nosos centros sanitarios cobren as demandas da poboación no día a día, e isto segue a ser o noso obxectivo, pero minorar os problemas de saúde, os determinantes que inciden neles ou os problemas organizativos ou de calidade precisan dunha ollada diferente, unha avaliación previa e unha priorización que nos permita sacarles o maior rédito posible aos nosos recursos.

Este plan púidose facer porque se contou con diferentes achegas: en primeiro lugar, porque se analizou a opinión da cidadanía sobre a súa propia saúde ou as áreas de mellora que vían no funcionamento do sistema sanitario; tamén, obviamente, porque se solicitou a opinión de profesionais á hora de definir accións posibles ante retos difíciles; e, finalmente, porque imos seguir contando coa opinión dos que van desenvolver estas accións, remodelándoas se é preciso, para adaptarnos a situacións cambiantes.

En definitiva, este plan nace coa vocación de servir de referencia para o traballo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, institución que é responsable da maior parte da execución do Plan de Prioridades Sanitarias.

Manuel Varela Rey
Director xeral de Innovación
e Xestión da Saúde Pública

Sagrario Pérez Castellanos
Secretaria xeral Técnica da
Consellería de Sanidade

3. O Plan de Prioridades como instrumento estratéxico

Un importante aspecto da planificación estratéxica é a decisión sobre en que se deben centrar os novos investimentos dentro dun sistema sanitario. Este aspecto, fundamental en calquera planificación, vólvese imprescindible na actual conxuntura económica, na que a eficiencia se debe converter no criterio básico na asignación de recursos.

Este documento, que formará parte do Plan de Saúde de Galicia, ten como principal obxectivo a identificación daquelas novas accións e actuacións que, polo seu impacto nos problemas sanitarios, deben ser priorizadas e cómpre ter en conta na decisión sobre os novos investimentos.

Trátase de ter unha ferramenta que axude en todos os niveis da organización nos que se deban propor e tomar as decisións sobre os plans de necesidades de novos investimentos durante a elaboración do orzamento. Desta forma, cando calquera nivel de decisión do sistema teña que elixir entre varias opcións para realizar novos proxectos ou accións, poderá identificar aquelas contidas neste documento e darlles prioridade sobre o resto das outras actuacións propostas.

Este documento, xa que logo, está dirixido a todos os equipos directivos do sistema sanitario público de Galicia e a todas as unidades que están convidadas a participar nas propostas de plans de necesidades (novos investimentos) para a elaboración de orzamentos.

Os sistemas sanitarios públicos teñen como principal finalidade promover, restablecer e manter a saúde. Igualmente, deben dar resposta ás expectativas das persoas e á equidade. Ademais, deben velar polo cumprimento dos dereitos sanitarios recoñecidos legalmente e pola calidade dos servizos que presta. Calquera circunstancia ou feito que impida acadar estes obxectivos debe ser considerado como un obstáculo para o sistema sanitario, que deberá ser identificado e corrixido de forma prioritaria. Non obstante, o número de problemas sanitarios que inciden sobre os obxectivos do sistema poden ser centos, igual que as accións necesarias para a súa solución. Por iso, faise imprescindible establecer unha listaxe priorizada dos problemas máis importantes utilizando diversos criterios para, posteriormente, identificar aquelas accións que se converterían en prioritarias ao teren impacto sobre os problemas máis importantes.

Para acadar o obxectivo de identificar as accións que máis impacto tiveran, estudouse unha metodoloxía que valorase non só os problemas de saúde da cidadanía de Galicia, as enfermidades máis frecuentes e graves, senón tamén aquelas outras cuestións que inciden sobre os dereitos sanitarios da cidadanía e os que teñen impacto na calidade dos servizos sanitarios que presta o sistema.


Para a identificación das accións que integran este plan, contouse coa colaboración de profesionais que participaron en diversos grupos de traballo, uns creados *ad hoc* para este plan e outros que levan tempo realizando achegas ao sistema sanitario sobre diferentes temas.

Outra das características básicas deste sistema é a súa coordinación coa Estratexia Sergas 2014 e a Estratexia da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Ademais, con isto cúmprense as previsións normativas previstas na Lei de saúde, xa que o Plan de Prioridades Sanitarias que agora se presenta, xunto cos documentos antes mencionados integrarán o Plan de Saúde 2011-2014.

Por último, propónse un período de vixencia de catro anos por considerarse como un tempo axeitado para a planificación estratéxica dado o tipo de accións que foron identificadas.

4. Metodoloxía

A metodoloxía utilizada para a identificación de accións e proxectos que resolvan as principais prioridades sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia seguiu estas fases:



4.1. Identificación de posibles áreas de mellora

Inicialmente, definíronse dúas grandes áreas:

Área de saúde: Enfermidades que teñen un alto impacto na poboación galega (elevada carga de enfermidade).

Área relacionada cos dereitos sanitarios dos usuarios e coa calidade dos procesos asistenciais.

Para identificalas, levouse a cabo un exhaustivo traballo de recompilación de información, que foi recollido no documento “Indicadores para a elaboración do Plan de Prioridades Sanitarias”.

Os indicadores principalmente utilizados para a identificación na área de saúde foron:

- Taxa de mortalidade non estandarizada por 100.000 habitantes por causas de mortalidade no ano 2007.
- Porcentaxe de anos de esperanza de vida perdidos entre 0 e 74 anos por causas. Datos do trienio 2004-2006.
- Porcentaxe de anos de vida axustados por discapacidade por causas. Datos do ano 2004.

4. Metodoloxía

- Porcentaxe de altas hospitalarias por diagnóstico segundo o Conxunto Mínimo Básico de Datos de Galicia (CMBD). Datos do ano 2008.
- Número de pacientes con patoloxías crónicas rexistrados electronicamente. Datos do ano 2008.
- Porcentaxe de poboación maior de 16 anos con problemas de saúde diagnosticados polo seu médico de cabeceira segundo a enquisa de saúde de 2006.

Ademais destes indicadores, tivéronse en conta as patoloxías para as que existe unha estratexia en saúde no Sistema Nacional de Saúde. Por último, tamén se identificaron aquelas enfermidades emerxentes, como podería ser a gripe A ou os problemas de saúde asociados ao abuso de alcohol na mocidade.

Para a identificación das melloras na área relacionada cos dereitos sanitarios e á calidade da prestacións de servizos sanitarios, analizáronse datos de:

- Barómetro sanitario de 2008.
- Ambulatorización con CMA. Ano 2007.
- Estadía media en centros públicos. Ano 2007.
- Taxa de cesáreas en centros públicos. Ano 2008.
- Índice de rotación de centros públicos. Ano 2007.
- Intervencións cirúrxicas totais por 1.000 habitantes. Ano 2007.
- Grupos Relacionados polo Diagnóstico (GRDs) que teñen maior desviación da estadía media con respecto á media estatal. Ano 2008.

Partindo da análise destes indicadores, creáronse dúas listas compostas cos 10 primeiros ítems que aparecían en cada un dos indicadores estudados, de tal forma que a lista final na área de saúde era de 35, e na de dereitos e calidade dos servizos, de 29.

4. Metodoloxía

4.2. Priorización das áreas de mellora

A lista obtida no proceso de identificación anterior debía ser priorizada. Deste modo, a finalidade da priorización foi identificar aquelas áreas que dificultan a consecución das metas de política sanitaria: patoloxías, determinantes que inciden na saúde ou circunstancias que entorpecen o funcionamento dos servizos sanitarios, afectan á súa calidade e accesibilidade ou aos dereitos sanitarios dos cidadáns e cidadás.

Os criterios de priorización utilizados foron:

- **Impacto na poboación.** Para medir este criterio, asignóuselle un valor de 10 puntos a cada un dos items que aparecían como primeiros na lista de cada indicador utilizado, 9 puntos ao seguinte da lista e así ata o décimo item, ao que se lle asignaba un valor de 1. O total de problemas de saúde que aparecían nalgunha das listas foi de 35, dos cales foron excluídos 11 por non teren unha definición concreta (outras enfermidades do aparello respiratorio, dor de lombo...) ou por se consideraren factores de risco (hipertensión arterial ou hipercolesterolemia), mentres que o total de potenciais áreas de mellora relacionadas cos dereitos e coa calidade dos servizos sanitarios foi de 29, e tamén varias delas eliminadas por considerar que estaban incluídas noutras, ou pola súa escasa precisión.
- **Vulnerabilidade.** Este segundo criterio foi definido como a capacidade das intervencións existentes (prevención, asistencia sanitaria...) para modificar sensiblemente un problema desde a situación actual. Por exemplo, un problema pode ter unha baixa vulnerabilidade porque as intervencións dispoñibles son pouco eficaces ou porque xa está sendo abordado con relativo éxito e, polo tanto, a capacidade para conseguir novas melloras é baixa. Puntuouse de 1 a 0 e este valor multiplicou os puntos do criterio anterior.
- **Estratexia política.** Este criterio utilizouse para engadir as liñas estratéxicas institucionais. Foi puntuado de 0 a 1 polo Comité de Dirección da Consellería e do Sergas mutiplicando igualmente o valor anterior.

4. Metodoloxía

As áreas de mellora detectadas ordenáronse de maior a menor puntuación e finalmente foron seleccionadas oito prioridades na área de saúde e seis na área relacionada cos dereitos sanitarios da cidadanía e coa calidade dos servizos sanitarios, sempre respetando a orde de puntuación.

Por último, identificáronse os determinantes comúns que puideran impactar máis sobre as prioridades, de tal forma que unha acción sobre algún destes determinantes suporía poder incidir sobre varios problemas ao mesmo tempo.

4.3. Determinación de accións de mellora e indicadores

Para determinar as accións de mellora que tenten solucionar as prioridades detectadas, constituíronse grupos de traballo aos que se lles solicitou que traballasen cunha metodoloxía concreta. A metodoloxía utilizada estaba baseada no método de Isikawa para a solución de problemas. Desta forma, pedíase aos integrantes dos grupos que identificasen primeiro cales son as causas ou cales son os factores que inflúen ou explican un determinado problema sanitario. Deseguido, pedíase que definisen cales son os programas responsables, os procesos que poden impactar na causa ou factor relacionado. O seguinte paso foi propor accións ou actuacións que mellorasen o servizo, programa ou unidade que está relacionada co factor determinante ou causal do problema sanitario. Cada acción proposta debía ter unha xustificación científica que avalase que realmente pode impactar sobre o determinante ou causa do problema sanitario. Por último, pedíuse ao grupo que definise indicadores que puidesen valorar se a acción de mellora se realizase.

As achegas dos grupos proporcionaron un número elevado de accións (351). Todas e cada unha delas foron analizadas polos distintos niveis de decisión da Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde seguindo criterios de custo/beneficio, dependencia de organizacións alleas á consellería para a súa consecución ou posibilidade de realización no período de vixencia do plan, co fin de aliñalas coas estratexias políticas, quedando definitivamente 294 accións de mellora no documento final.

As accións de mellora realcionadas coa función de coidados e autocoidados de pacientes, familiares e cidadanía, realizáronse a través de Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

4. Metodoloxía

4.4. Seguimento e avaliación do plan

O obxectivo deste documento estratéxico é orientar as decisións dentro da organización cara ás prioridades sanitarias do Sistema Sanitario Público de Galicia a través dunha serie de accións de mellora.

Cómpre a avaliación para coñecer se o obxectivo do plan se cumpre e a orientación das decisións dentro da organización cara aos principais problemas sanitarios é a correcta.

Ademais, a avaliación subministrará información precisa, baseándose nos indicadores elixidos para o seguimento, do impacto das accións nos problemas sanitarios da poboación galega, determinando, se é o caso, cales se deben mellorar ou corrixir.

A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública será a encargada desta avaliación, para o que contará coa colaboración de cada un dos centros directivos responsables das diferentes accións.

5. Prioridades sanitarias

Do resultado da aplicación da metodoloxía descrita con anterioridade determináronse as seguintes prioridades na área de saúde:

1. Cardiopatía isquémica.
2. Cancro de pulmón.
3. Ictus/Enfermidade cerebrovascular.
4. Diabete mellitus.
5. Depresión/Trastornos afectivos.
6. Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica.
7. Cancro de colon.
8. Cancro de mama feminino.

Por outra banda, observouse que na meirande parte das enfermidades anteriores estaban presentes como determinantes de aparición e asociados cos estilos de vida, tanto o tabaquismo como as características da nutrición e actividade física realizada polos individuos. Deste modo, e dada a grande importancia destes factores no desenvolvemento da maioría dos problemas de saúde, decidiuse xerar liñas específicas para os determinantes, co obxecto de determinar accións de mellora que incidisen directamente. Polo tanto, xeráronse accións de mellora para:

1. O tabaquismo.
2. A nutrición.
3. A actividade física.

As prioridades relacionadas cos dereitos sanitarios e coa calidade da prestación de servizos sanitarios son:

1. Tempos de espera e taxas de cirurxía maior ambulatoria (CMA).
2. Estadía media.
3. Taxa de cesáreas.
4. Sistema de información de profesionais sanitarios.
5. Extensión do aseguramento público a todos os residentes en Galicia.
6. Información aos usuarios e poboación sobre dereitos e deberes sanitarios e sobre prestacións e servizos sanitarios.

6. Accións de mellora sobre as prioridades da área de saúde

Cardiopatía isquémica | Cancro de pulmón | Ictus | Diabete mellitus | Depresión | Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica | Cancro de colon | Cancro de mama feminino

6.1. Cardiopatía isquémica

A atención á cardiopatía isquémica é un obxectivo estratéxico para o Sistema Nacional de Saúde desde o ano 2004 ata a actualidade debido a que en España as enfermidades cardiovasculares, e en concreto a enfermidade isquémica do corazón, son a principal causa de morte e unha das causas de maior morbilidade e perda de calidade de vida relacionada coa saúde. Porén, os expertos coinciden en que as enfermidades cardiovasculares se poden previr de forma integral. En primeiro lugar, antes de que apareza a enfermidade, seguindo hábitos de vida saudables e tendo en conta os factores de risco cardiovascular; en segundo lugar, mediante a detección precoz; e, finalmente, pódense previr tamén os seus impactos negativos unha vez manifestada.

No PPS de Galicia, a cardiopatía isquémica ocupa o primeiro lugar en puntuación tras a ponderación, xa que na nosa comunidade autónoma:

- Ocupa o segundo lugar entre as causas de mortalidade en Galicia (primeiro nos homes e segundo nas mulleres).
- Ocupa o terceiro lugar como patoloxía que causa máis anos de esperanza de vida perdidos.
- Ocupa o terceiro lugar como patoloxía que ocasiona máis perdas de anos de vida axustados por discapacidade.
- Está en sexto lugar como morbilidade crónica en atención primaria.
- É un obxectivo estratéxico para o Sistema Nacional de Salud (SNS).

O patrón de comportamento desta enfermidade é similar en Galicia e no conxunto de España, presentando unha tendencia decrecente desde 1990 ao ano 2007, sobre todo na presente década. Este descenso probablemente estea influído pola menor incidencia da enfermidade, como resultado do descenso da exposición da poboación aos factores de risco e a maior supervivencia dos pacientes pola mellora dos tratamentos e a máis pronta abordaxe.

6. Accións de mellora sobre as prioridades da área de saúde

Cardiopatía isquémica | Cancro de pulmón | Ictus | Diabete mellitus | Depresión | Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica | Cancro de colon | Cancro de mama feminino

Accións de mellora

OBXECTIVOS	OPORTUNIDADES DE MELLORA/ ACCIÓNS CONCRETAS	INDICADORES E ESTÁNDARES DE MEDICIÓN DA ACCIÓN CONCRETA
Mellorar a identificación precoz dos síntomas de alarma por parte dos pacientes e poboación	Campaña de coñecemento da clínica para a cidadanía	Número de campañas realizadas
	Talleres para grupos de risco (pacientes e familiares)	Número de talleres realizados
Diminuír a demora terapéutica	Funcionamento das salas de hemodinámica durante 24 horas en hospitais de terceiro nivel	Porcentaxe de hospitais de terceiro nivel con sala de hemodinámica que realizan angioplastia primaria que funcionen 24 horas
	Redistribución dos fluxos de derivación para angioplastia primaria, en función das isócronas, garantindo a equidade para todos os pacientes	Porcentaxe de angioplastias primarias nos primeiros 90 minutos desde inicio de síntomas Análise por concello de residencia do paciente
Mellorar a calidade terapéutica	Realizar formación de profesionais en coñecementos sobre os protocolos e recomendacións das guías de práctica clínica	Número de cursos e número de profesionais que asisten
	Garantir que as salas de hemodinámica realizen un número mínimo de actividade (segundo os parámetros das sociedades científicas), necesaria para asegurar a destreza dos profesionais e a seguridade dos pacientes	Número de probas por facultativo e ano
Mellorar a prevención secundaria nestes pacientes a través do control dos factores de risco	Desenvolvemento de programas de educación sanitaria para pacientes coronarios e familiares durante o ingreso	Porcentaxe de hospitais que ofertan o programa Porcentaxe de pacientes con Síndrome coronario agudo que acoden ás sesións educativas
	Elaboración e distribución de información para pacientes e familiares	Porcentaxe de servizos hospitalarios ou centros con dispoñibilidade de información
	Celebración de talleres sobre autocoidados	Número talleres sobre autocoidado realizados anualmente
	Realización de cursos sobre control de factores de risco para profesionais	Número de cursos realizados anualmente Número de profesionais que os realizan
Mellorar a coordinación-continuidade-integración asistencial	Elaboración e establecemento dun proceso asistencial integrado	Elaboración do proceso Número de áreas que implantan o proceso

6. Accións de mellora sobre as prioridades da área de saúde

Cardiopatía isquémica | Cancro de pulmón | Ictus | Diabete mellitus | Depresión | Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica | Cancro de colon | Cancro de mama feminino

OBXECTIVOS	OPORTUNIDADES DE MELLORA/ ACCIÓNS CONCRETAS	INDICADORES E ESTÁNDARES DE MEDICIÓN DA ACCIÓN CONCRETA
Mellorar o coñecemento científico sobre a cardiopatía isquémica	Realización de estudos sobre a epidemioloxía, características clínicas ou a asistencia á cardiopatía isquémica	▮ Valoración do índice de impacto das publicacións científicas
Mellorar a información sobre a cardiopatía isquémica	Establecemento dun cadro de indicadores de seguimento do programa PROGALIAM	▮ Elaboración do cadro de mando
	Establecemento de indicadores de avaliación da cirurxía cardíaca na cardiopatía isquémica	▮ Existencia de indicadores
	Establecemento dun sistema de auditorías para coñecer o seguimento das recomendacións das guías de práctica clínica	▮ Auditorías realizadas

6. Accións de mellora sobre as prioridades da área de saúde

Cardiopatía isquémica | **Cancro de pulmón** | Ictus |Diabete mellitus | Depresión |
Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica | Cancro de colon | Cancro de mama feminino

6.2. Cancro de pulmón

Mellorar a atención dos pacientes con enfermidades prevalentes de gran carga social e económica debe ser un dos obxectivos estratéxicos do Sistema Nacional de Salud (SNS).

O cancro de pulmón ocupa un lugar principal entre os tumores malignos porque é a neoplasia maligna que máis mortes produce entre os homes e a terceira entre as mulleres (despois do cancro de mama e o colorrectal).

No PPS de Galicia o cancro de pulmón ocupa o segundo lugar en puntuación tras a ponderación, puntuación debida sobre todo aos seguintes apartados:

- Terceiro lugar entre as causas de mortalidade en Galicia (segundo en homes e sétimo en mulleres).
- Segundo lugar como patoloxía que causa máis anos de esperanza de vida perdidos.
- Sétimo lugar como patoloxía que ocasiona máis perdas de anos de vida axustados por discapacidade.
- O cancro é un obxectivo estratéxico para o SNS.

O cancro de pulmón presenta un patrón diferente en homes e en mulleres. Tanto incidencia como mortalidade son moito máis elevadas nos homes, aínda que este feito diferenciador parece estar cambiando.

O risco de morte por cancro de pulmón presentou un continuo incremento nos homes ao longo da segunda metade do século XX ata o ano 1995, no que se inverte a tendencia e comeza a descender. Nas mulleres, pola contra, aínda que con moitos menos casos, a taxa de mortalidade apenas presentou variacións ata o inicio dos anos 90, pero a partir desta data incrementouse de forma importante. Esta diferente tendencia entre sexos reflicte probablemente o paulatino abandono do hábito tabáquico nos homes e a incorporación neste hábito das mulleres.

Este comportamento é similar en Galicia e en España, mantendo tamén a distinta tendencia entre homes e mulleres: descendente en homes e ascendente en mulleres.

6. Accións de mellora sobre as prioridades da área de saúde

Cardiopatía isquémica | **Cancro de pulmón** | Ictus |Diabete mellitus | Depresión | Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica | Cancro de colon | Cancro de mama feminino

Accións de mellora

OBXECTIVOS	OPORTUNIDADES DE MELLORA/ ACCIÓNS CONCRETAS	INDICADORES E ESTÁNDARES DE MEDICIÓN DA ACCIÓN CONCRETA
Diminuír a demora diagnóstica	Completar o acceso rápido a RX simple de tórax informada	<ul style="list-style-type: none"> ▮ Porcentaxe de unidades de atención primaria con acceso rápido a RX simple de tórax informada
	Implantación do circuío asistencial rápido para pacientes con sospeita de cancro de pulmón	<ul style="list-style-type: none"> ▮ Porcentaxe de áreas sanitarias con circuío asistencial rápido ▮ Porcentaxe de pacientes con cancro de pulmón incluídos en circuío asistencial rápido
Mellorar a calidade de atención a pacientes con enfermidade complexa ou avanzada	Establecemento dos criterios que permitan o acceso aos coidados paliativos	▮ Porcentaxe de áreas sanitarias con criterios de acceso aos coidados paliativos
	Expansión da asistencia domiciliar a pacientes con cancro de pulmón con enfermidade avanzada ou complexa	▮ Porcentaxe de pacientes con cancro de pulmón en fase avanzada ou complexa atendidos en asistencia domiciliar
	Formación específica aos profesionais implicados na asistencia domiciliar aos pacientes con cancro de pulmón	<ul style="list-style-type: none"> ▮ Número de cursos ▮ Número de profesionais
Mellorar a coordinación-continuidade-integración asistencial destes pacientes	Definir e implantar a rede asistencial para o proceso integrado de cancro de pulmón	<ul style="list-style-type: none"> ▮ Número de áreas sanitarias co proceso integral implantado ▮ Porcentaxe de pacientes atendidos no circuío
	Creación do comité clínico de cancro de pulmón en cada hospital con servizo de oncoloxía	▮ Número de hospitais con comité clínico de cancro de pulmón
	Elección dun responsable clínico/Profesional de referencia	▮ Porcentaxe de pacientes con profesional médico de referencia asignado
	Enfermaría xestora de procesos para os enfermos de cancro de pulmón	▮ Porcentaxe de pacientes con profesional de enfermaría de referencia asignado
	Formación continuada para todos os profesionais que traballan con pacientes oncolóxicos	<ul style="list-style-type: none"> ▮ Número de cursos ▮ Número de profesionais
Mellorar o autocoidado dos pacientes	Elaboración de información –guías para pacientes– para cada unha das diferentes etapas do proceso oncolóxico de cancro de pulmón	▮ Información elaborada
	Crear a figura do paciente activado voluntario tutor	▮ Número de voluntarios
Mellorar o coñecemento científico sobre o cancro de pulmón	Realización de estudos sobre a epidemioloxía, características clínicas ou a asistencia ao cancro de pulmón	▮ Valoración do índice de impacto das publicacións científicas

6. Accións de mellora dos problemas de saúde prioritarios

Cardiopatía isquémica | **Cancro de pulmón** | Ictus |Diabete mellitus | Depresión | Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica | Cancro de colon | Cancro de mama feminino

OBXECTIVOS	OPORTUNIDADES DE MELLORA/ ACCIÓNS CONCRETAS	INDICADORES E ESTÁNDARES DE MEDICIÓN DA ACCIÓN CONCRETA
Mellorar a información dispoñible sobre os pacientes con cancro de pulmón	Creación, dentro do SIHGA, dun sistema de rexistro de datos de hospital de día oncolóxico	Existencia do rexistro no SIGHA
	Posta en funcionamento do Rexistro Galego Tumores (REGAT)	Dispoñibilidade de datos sobre cancro de pulmón baseados no REGAT
	Desenvolvemento de sistemas de alarmas clínicas sobre signos e síntomas de alerta	Existencia documentada do sistema de alarma en IANUS

6. Accións de mellora sobre as prioridades da área de saúde

Cardiopatía isquémica | Cancro de pulmón | **Ictus** | Diabete mellitus | Depresión | Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica | Cancro de colon | Cancro de mama feminino

6.3. Ictus

En España, a enfermidade cerebrovascular aguda (ECV) constituíu a segunda causa máis frecuente de morte na poboación xeral e a primeira entre as mulleres. Ademais, supón a primeira causa de discapacidade permanente na idade adulta e xera un gasto moi elevado para os servizos sanitarios e sociais. A súa repercusión no seo das familias, no campo profesional, laboral e social é enorme. Ao longo da historia, este proceso sempre estivo ligado a mal prognóstico, pero nas últimas décadas houbo un gran cambio que levou a unha marcada diminución na súa mortalidade e secuelas. Este cambio non está asociado á aparición de fármacos máis efectivos ou a novas técnicas cirúrxicas, senón sobre todo a melloras na organización e atención sanitaria. Por este motivo, o ictus en particular, e as ECV no seu conxunto, son un parámetro do funcionamento dun servizo sanitario, e a diminución das súas taxas de mortalidade e morbilidade supoñen un indicador da calidade na atención sanitaria.

Tradicionalmente en España, como noutros países mediterráneos, as ECV eran a primeira causa de morte cardiovascular. Pero desde a segunda metade dos anos noventa, a enfermidade isquémica do corazón púxose por diante. Así, en España, a mortalidade por ECV presenta unha tendencia claramente descendente. Este patrón mantense en Galicia, malia que a nosa taxa axustada está por encima da media española.

No PPS de Galicia a enfermidade cerebrovascular aguda ocupa o terceiro lugar en puntuación tras a ponderación, puntuación debida sobre todo aos seguintes apartados:

- Primeiro lugar entre as causas de mortalidade en Galicia (primeira en mulleres, terceira en homes).
- Sétimo lugar como patoloxía que causa máis anos de esperanza de vida perdidos.
- Noveno lugar como patoloxía que ocasiona máis perdas de anos de vida axustados por discapacidade.
- Sétimo lugar entre as causas de morbilidade hospitalaria (oclusión de arterias cerebrais).
- E un obxectivo estratéxico para o SNS.

En canto á incidencia do ictus, aumenta progresivamente coa idade e é algo máis alta nos homes que nas mulleres. Así, as tres cuartas partes dos ictus afectan a pacientes maiores de 65 anos, e debido a que nas previsións de poboación España sería no ano 2050 unha das poboacións máis envellecidas do mundo, espérase un incremento na incidencia e prevalencia desta enfermidade nos próximos anos.

6. Accións de mellora sobre as prioridades da área de saúde

Cardiopatía isquémica | Cancro de pulmón | **Ictus** | Diabete mellitus | Depresión | Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica | Cancro de colon | Cancro de mama feminino

Accións de mellora

OBXECTIVOS	OPORTUNIDADES DE MELLORA/ ACCIÓNS CONCRETAS	INDICADORES E ESTÁNDARES DE MEDICIÓN DA ACCIÓN CONCRETA
Mellorar a identificación precoz dos síntomas de alarma por parte dos pacientes e a poboación. Aumentar a percepción de urxencia	Desenvolvemento de campañas de información para a cidadanía sobre sintomatoloxía inicial do ictus	Número de campañas desenvolvidas
	Cursos de formación específica a pacientes de risco e os seus familiares sobre sintomatoloxía inicial de ictus	Número de cursos desenvolvidos
Mellorar a accesibilidade á atención sanitaria	Elaboración de cuestionario telefónico validado para detección de ictus (061)	Cuestionario dispoñible
	Formación dos profesionais en identificación precoz de síntomas de ictus	Número de profesionais que realizan cursos sobre identificación precoz de síntomas
	Establecemento do proceso asistencial integrado de atención ao ictus	Porcentaxe de áreas que implantaron o proceso asistencial integrado
	Implantación de atención precoz (código ictus extrahospitalario) abarcando toda a comunidade	Porcentaxe de hospitais que atenden ictus con código ictus extrahospitalario implantado
Diminuír a demora diagnóstica e terapéutica	Establecemento do proceso asistencial integrado na rede de centros sanitarios garantindo o acceso a probas de imaxe durante as 24 horas en todos os hospitais que atenden ictus (presencial ou teleradioloxía)	Número de áreas co proceso asistencial integrado
		Número de hospitais co código ictus implantado
		Número de hospitais con acceso a probas de imaxe durante as 24 horas
Mellorar a calidade diagnóstica e terapéutica	Realización de cursos de formación para profesionais que atenden ictus	Número de profesionais que realizan cursos sobre ictus e o seu manexo, por ano e categoría profesional e especialidade
Mellorar os coidados post-alta e aplicación da continuidade de coidados	Programa de coidados personalizados. Plan de coidados	Pacientes con programa personalizado de coidados/pacientes con ictus x100
Mellorar o seguimento dos factores de risco	Elaboración e/ou implantación dun protocolo de seguimento de factores de risco	Porcentaxe de pacientes con ictus con seguimento rexistrado en HC de factores de risco

6. Accións de mellora sobre as prioridades da área de saúde

Cardiopatía isquémica | Cancro de pulmón | **Ictus** | Diabete mellitus | Depresión | Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica | Cancro de colon | Cancro de mama feminino

OBXECTIVOS	OPORTUNIDADES DE MELLORA/ ACCIÓNS CONCRETAS	INDICADORES E ESTÁNDARES DE MEDICIÓN DA ACCIÓN CONCRETA
Aumentar as habilidades de pacientes e cuidadores	Elaboración e distribución de información para pacientes e cuidadores	Porcentaxe de servizos hospitalarios ou centros de saúde con dispoñibilidade de información
	Cursos de formación en autocoidados	Número de cursos sobre autocoidado realizados anualmente
	Cursos de formación para cuidadores	Número de cursos para cuidadores realizados anualmente (escola de pacientes, asociacións)
	Valoración do contorno do paciente. Medidas de apoio a cuidadores. Coordinación recursos sociais	Porcentaxe de pacientes con ictus con valoración de contorno Porcentaxe de cuidadores con apoio de recursos sociais
Mellorar o coñecemento científico do ictus	Realización de estudos sobre a epidemioloxía, características clínicas ou asistencia ao ictus	Valoración do índice de impacto das publicacións científicas

6. Accións de mellora sobre as prioridades da área de saúde

Cardiopatía isquémica | Cancro de pulmón | Ictus | **Diabete mellitus** | Depresión | Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica | Cancro de colon | Cancro de mama feminino

6.4. Diabete mellitus

A diabete mellitus (DM) é unha desorde metabólica crónica de alta prevalencia, caracterizada pola presenza de elevados niveis de glicosa en sangue como consecuencia de alteracións na secreción ou funcionamento da insulina. Isto causa importantes alteracións no metabolismo de hidratos de carbono, lípidos e proteínas.

A DM ocasiona un altísimo custo social e un importante impacto sanitario debido á frecuencia e gravidade das complicacións que diminúen a calidade e a esperanza de vida dos pacientes.

A mortalidade por DM supón en España o 2,6% da mortalidade total, presentando unha clara tendencia descendente nos últimos anos, o que coincide co experimentado pola maioría dos países europeos. Galicia, cunha mortalidade, desde o inicio do século, claramente inferior á española, amosa un descenso ao longo do período moito máis pronunciado. A mortalidade por DM máis baixa de España tena Madrid, seguida por Galicia. As cinco comunidades autónomas con maior taxa de mortalidade por diabete están entre as sete que superan a taxa media española de obesidade.

Estímase que a prevalencia da DM en España é do 6,5% da poboación entre 30 e 65 anos, aínda que existen estudos que chegan a estimar prevalencias de ata un 12%. A prevalencia de DM en Galicia acada un valor do 7%, do que un 2,6% se corresponde con diabete non diagnosticada (Fundación Galega de Endocrinoloxía e Nutrición 2004). Isto representa que en Galicia temos en torno a 160.000 diabéticos, aos que habería que engadir un 8,6% de cidadáns con intolerancia á glicosa.

No PPS de Galicia a diabete mellitus ocupa o cuarto lugar en puntuación tras a ponderación, puntuación debida sobre todo aos seguintes apartados:

- Ocupa o sexto lugar como causa de mortalidade en Galicia.
- Ocupa o cuarto lugar como causa de morbilidade crónica en atención primaria.
- E un obxectivo estratéxico para o SNS.

Aínda que o incremento da prevalencia se pode deber en parte a modificacións nos criterios diagnósticos, outros factores como o progresivo envellecemento ou a historia familiar poden ter unha significativa incidencia. Ultimamente, o triplete de hiperlipemia, crecente sedentarismo e a incorporación de malos hábitos dietéticos preséntanse como os máis importantes factores causantes deste aumento.

6. Accións de mellora sobre as prioridades da área de saúde

Cardiopatía isquémica | Cancro de pulmón | Ictus | **Diabete mellitus** | Depresión | Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica | Cancro de colon | Cancro de mama feminino

Accións de mellora

OBXECTIVOS	OPORTUNIDADES DE MELLORA/ ACCIÓN CONCRETAS	INDICADORES E ESTÁNDARES DE MEDICIÓN DA ACCIÓN CONCRETA
Fomentar o diagnóstico precoz da enfermidade	Formación específica a pacientes de risco para desenvolver diabete mellitus e os seus familiares	<ul style="list-style-type: none"> Número de cursos desenvolvidos Número de asistentes aos cursos
	Elaboración e distribución do proceso asistencial integrado*	<ul style="list-style-type: none"> Existencia do proceso asistencial Porcentaxe de áreas con proceso implantado
	Establecer alertas de glicemias e HbAc1 alteradas en IANUS	<ul style="list-style-type: none"> Grao de desenvolvemento de alertas por glicemia e HbAc1 elevada Existencia de sistema de alertas en IANUS
Fomentar os autocoidados	Elaboración e distribución de guías de autocoidados do paciente con diabete mellitus	<ul style="list-style-type: none"> Número de guías distribuídas a pacientes diabéticos
